

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Persoal

Bases da oferta de emprego correspondente aos anos 2015-2016 do Concello de Santiago de Compostela

ANUNCIO

BASES DA OFERTA DE EMPREGO CORRESPONDENTE AOS ANOS 2015-2016 DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Por resolución da concelleira-delegada de persoal de data 16 de maio de 2017 acórdase:

A) Aprobá-las bases xerais dos procesos selectivos convocados polo Concello de Santiago de Compostela no marco da execución das ofertas públicas de emprego.

B) Aprobá-las bases específicas da convocatoria das seguintes prazas, incluídas nas ofertas de emprego do Concello dos anos 2015 e 2016:

- 2 (dúas) prazas de inspector principal da policía local.
- 3 (tres) prazas de inspector da policía local.
- 6 (seis) prazas de oficial da policía local.
- 6 (seis) prazas de policía.
- 18 (dezaoto) prazas de administrativo de administración xeral (promoción interna).
- 4 (prazas) de técnico de xestión (promoción interna)

As bases aprobadas teñen o seguinte contido:

BASES XERAIS DOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS POLO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

1.- Obxecto.

As presentes bases regularán os aspectos comúns aos procesos selectivos que convoque o Concello de Santiago de Compostela para a selección de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo, no marco de execución das Ofertas Públicas de Emprego, de conformidade co disposto no artigo 70 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

As especialidades de cada proceso selectivo serán obxecto de regulación nas bases específicas que ao efecto aprobe o órgano competente para rexer cada convocatoria.

2.- Normativa aplicable.

Os procesos selectivos rexeranse polo establecido nestas bases xerais e nas correspondentes bases específicas e convocatorias. Serán tamén de aplicación, xunto con outras disposicións, a estes procesos:

- Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.
- Real Decreto 2271/2004, de 03 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
- Real Decreto 896/1991, do 07 de xuño, polo que se establecen as Regras Básicas e Programas Mínimos do Procedemento de Selección dos Funcionarios da Administración Local.

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.
- Acordo Regulador – Convenio Colectivo do persoal ao servizo do Concello de Santiago de Compostela 2009-2012 (BOP 03/02/2010).
- Lei 39/2015, de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policías Locais de Galicia; Decreto 243/2008, do 16 de outubro; e Orde do 28 de xaneiro de 2009.
- Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en Materia de Igualdade, aprobado por Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro.

3.- Distribución de prazas entre diferentes quendas.

3.1 Cota de reserva para persoas con discapacidade.

As convocatorias de probas selectivas correspondentes á Oferta de Emprego Público incluírán, agás naquelas categorías cuxa natureza o impida, un total do **7 por 100** das vacantes que se convoquen para ser cubertas entre persoas con discapacidade, que contén cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33 por 100, garantíndose a igualdade de condicións nas probas con respecto aos demais aspirantes.

Se as prazas reservadas e cubertas polas persoas con discapacidade non alcanzan a taxa do **3 por 100** das prazas convocadas, as prazas non cubertas acumularanse á cota do 7 por 100 da oferta seguinte, cun límite máximo do 12 por 100.

Se as prazas reservadas e cubertas polas persoas con discapacidade alcanzan a taxa do 3 por 100 referida no apartado anterior, as prazas sen cubrir incorporaranse á **quenda** de acceso libre.

3.2 Quenda de promoción interna.

A convocatoria determinará, no seu caso, o número de prazas que se reservarán para a quenda de promoción interna.

3.3 Incompatibilidade.

Os aspirantes soamente poderán participar, en cada convocatoria de prazas, pola quenda libre, de promoción interna ou de cota de discapacitados, no caso de que o proceso selectivo sexa único. Se as convocatorias son independentes, non se aplicará tal limitación

4.- Requisitos dos aspirantes.

4.1 Requisitos.

Para ser admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán cumprir os requisitos xerais esixidos nos artigos 56 e 57 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, e os que no seu caso establezan as bases específicas para as determinadas prazas.

4.2 Requisitos específicos para participar na quenda de promoción interna.

Os requisitos que haxan de cumprir os aspirantes que participen na quenda de promoción interna serán os establecidos para cada convocatoria nas bases específicas.

4.3 Requisitos específicos para participar pola cota de reserva de discapacidade.

Os aspirantes que concorran pola cota de reserva de discapacidade, ademais de reunir os requisitos xerais do apartado 4.1, deberán ter legalmente recoñecido un grao de minusvalía igual ou superior ao 33 por 100. Esta circunstancia deberá acreditarse no momento de presentación da solicitude.

4.4 Os aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nas bases na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e mantelos durante todo o proceso selectivo.

5.- Solicitudes.

5.1 As solicitudes deberán cumprimentarse no modelo oficial, que será facilitado na Oficina de Atención ao Cidadán (Rúa Presidente Salvador Allende, 4 baixo) e nas Oficinas de Rexistro Xeral (Rúa Presidente Salvador Allende, 4 baixo) e Rexistro Auxiliar do CSC Ensanche (Rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16 baixo). Tamén poderá obterse a través de internet, na páxina web www.santiagodecompostela.gal.

No suposto de que o sistema selectivo sexa o concurso-oposición, os méritos que en cada proceso selectivo establezan as bases específicas serán alegados na solicitude ou modelo normalizado establecido ao efecto. Os aspirantes deberán aportar xunto coa solicitude fotocopia dos documentos acreditativos dos méritos alegados. Non será necesaria a

compulsa dos documentos que sexan presentados, sen prexuízo de que en calquera momento o tribunal cualificador ou os órganos competentes do Concello de Santiago de Compostela poidan requirir aos aspirantes que acrediten a veracidade das circunstancias e documentos aportados obxecto de valoración. A data límite para a alegación dos méritos e a presentación dos documentos relativos aos mesmos será a de finalización do prazo de presentación de solicitudes. En ningún caso serán valorados méritos non alegados na solicitude ou non acreditados documentalmente en prazo.

5.2 Taxa por dereitos de exame.

Segundo o disposto na ordenanza fiscal 3.07, os aspirantes deberán aboar as taxas por dereito de exame que de seguido se relacionan:

- Grupos A e B: 27,60 euros.
- Grupo C e agrupacións profesionais, agás policía e bombeiros: 15,85 euros.
- Grupo C, categoría de policía e bombeiros: 71,00 euros.

O aboamento efectuarase en réxime de autoliquidación mediante o impreso que para o efecto poderá obterse na Oficina de Atención ao Contribuínte (Rúa Presidente Salvador Allende, 4 baixo) e nas Oficinas de Rexistro indicadas na base 5.1. O impreso poderá obterse tamén a través de internet, na citada web.

O aboamento da autoliquidación poderá realizarse nas entidades colaboradoras relacionadas no propio impreso de autoliquidación.

De conformidade co disposto no artigo 26.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, non procederá a devolución do importe satisfeito en concepto de taxa por dereitos de exame cando por causas imputables ao aspirante este non participe no proceso selectivo ou sexa excluído do mesmo.

5.3 Deberán presentarse tantas solicitudes e aboarse tantas taxas como procesos selectivos aos que se desexe concorrer.

5.4 A solicitude de participación deberá ir acompañada, necesariamente, de fotocopia do documento nacional de identidade ou, no seu caso, do pasaporte ou de calquera outro documento acreditativo da nacionalidade; e do xustificante que acredite o aboamento íntegro da taxa. A falla de xustificación no prazo de presentación de instancias determinará a exclusión definitiva do proceso selectivo do aspirante.

No caso de aspirantes que concorran ás probas selectivas en calidade de cónxuxe, descendente do cónxuxe, de españois ou nacionais de países membros da Unión Europea deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do español ou do nacional da Unión Europea co que existe este vínculo, de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, no seu caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

5.5 Na solicitude deberá facerse constar expresamente a quenda pola que se participa segundo as seguintes indicacións:

- a) Libre.
- b) Promoción interna.
- c) Cota de reserva de discapacidade.

5.6 Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais a contar dende o seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Un extracto da convocatoria será igualmente publicado no Diario Oficial de Galicia. En ambos casos figurará a referencia ao número e data do Boletín Oficial da Provincia no que foron publicadas as bases específicas.

A presentación fóra de prazo suporá a non admisión do aspirante ao proceso selectivo.

5.7 Lugar de presentación.

Os impresos de solicitude e de autoliquidación, unha vez efectuado o pagamento, poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela e no seu Rexistro Auxiliar.

Tamén poderán presentarse nos lugares e formas establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 01 de outubro. No suposto de presentación en oficina de Correos, deberá realizarse en sobre aberto para que a solicitude sexa datada e selada polo empregado de Correos antes do seu envío certificado.

5.8 Adaptación de medios.

Os aspirantes da quenda libre ou de promoción interna que precisen adaptacións de medios, e aqueles aspirantes da cota de discapacidade que precisen adaptacións de medios e/ou tempo adicional para a realización das probas selectivas, ademais de formular de forma expresa dita petición no apartado habilitado ao efecto na solicitude de admisión, deberán presentar, xunto con esta, escrito no que se especifique o tipo de adaptación que solicitan, así como certificado médico xustificativo da adaptación solicitada. O tribunal poderá solicitar informe e, no seu caso, colaboración dos órganos competentes dos Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela ou da Xunta de Galicia.

O Tribunal adoptará as medidas precisas nos casos que resulte necesario, de xeito que os aspirantes que solicitaron adaptacións de tempo e/ou medios na forma sinalada gocen de similares condicións para a realización dos exercicios que o resto de participantes.

A adaptación de tempos levarase a cabo de conformidade co disposto na Orde Ministerial PRE/1822/2006, de 09 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

A relación de adaptacións concedidas publicarase na forma previsto na base 6.4.

5.9 Protección de datos.

A efectos de cumprimento do artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos contidos na solicitude serán obxecto de tratamento automatizado polo Servizo de Persoal para o desenvolvemento do proceso selectivo, e poderán ser cedidos de conformidade coa lei, podendo exercer o interesado ante o Concello os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

6.- Admisión de aspirantes.

6.1 Para seren admitidos ao proceso selectivo bastará con que os aspirantes manifesten na súa solicitude que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 4, referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O cumprimento destes requisitos será acreditado mediante a presentación dos documentos correspondentes na forma prevista na base undécima.

6.2 Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Concelleiro-delegado de Persoal ditará Resolución aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos. Esta Resolución, que será publicada no Taboleiro de Edictos da Corporación, na web municipal e no Boletín Oficial da Provincia, conterá a relación nominal dos excluídos con indicación das causas de non admisión, a composición do Tribunal cualificador e o lugar, data e hora de comezo dos exercicios.

6.3 Os aspirantes excluídos expresamente, e os que non figuren na relación de admitidos nin na de excluídos, disporán dun prazo único e improrrogable de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia, para emendar o defecto que motivou a súa exclusión ou a non inclusión expresa. Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos xustificando o seu dereito a ser admitido, será excluído do proceso selectivo con carácter definitivo.

Pola súa parte, os aspirantes que detectaran erros na consignación dos seus datos persoais poderán manifestalo no prazo sinalado.

6.4 Rematado o prazo de emenda de defectos das solicitudes, publicarase no Taboleiro de Edictos da Corporación e na web municipal a resolución declarando aprobada a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

O Tribunal publicará no Taboleiro de Edictos da Corporación, antes da realización dos exercicios, a relación de aspirantes que solicitaron adaptación, indicando para cada un deles a adaptación concedida e, no seu caso, as razóns da súa denegación.

Os aspirantes que, concorrendo pola quenda de promoción interna ou cota de discapacidade, non cumpran algún dos requisitos esixidos para o acceso a ditas prazas de reserva, serán incluídos, de oficio, na relación definitiva de aspirantes admitidos pola quenda libre, sempre que o Concello teña coñecemento de tal circunstancia con anterioridade á Resolución que aprobe as relacións definitivas de aspirantes admitidos e excluídos e, ademais, declararon na súa solicitude que cumpren todos os requisitos necesarios para elo.

6.5 O feito de figurar na relación de admitidos non prexulgará que se lles recoñeza aos aspirantes o cumprimento dos requisitos esixidos. Cando da documentación a presentar unha vez superado o proceso selectivo se desprenda que non cumpren algún dos requisitos, os aspirantes decaerán en todos os seus dereitos que puideran derivarse da súa participación no procedemento.

7.- Tribunais de selección.

7.1 Os Tribunais Cualificadores que xulgarán as probas selectivas serán nomeados polo/a Concelleiro/a-delegado de Persoal, e estarán constituídos por un Presidente, un Secretario con voz e voto, e un mínimo de tres Vocais, así como os seus correspondentes suplentes.

Non poderán formar parte dos Tribunais o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos ou laborais temporais, nin o persoal eventual. Tampouco poderá formar parte dos órganos de selección de funcionarios de carreira o persoal laboral.

Todos os membros deberán ocupar en propiedade praza para cuxo acceso sexa necesario posuír titulación de igual nivel ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas.

A participación nos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta allea.

Os órganos de selección deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderán na súa composición á paridade entre homes e mulleres, salvo por razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas, en cumprimento do establecido no artigo 53 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; e no artigo 60.1 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

De conformidade cos artigos 14 e 23 da Constitución Española, os Tribunais velarán polo cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre ambos sexos.

7.2 Cando existan dificultades técnicas ou de outra índole que o aconsellen, o Tribunal poderá incorporar aos seus traballos asesores especialistas para as probas e cos cometidos que estime pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto. Así mesmo, os Tribunais poderán valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios, cuxa designación deberá comunicarse á Concellaría de Persoal, que haberá de autorizar o número de persoal auxiliar proposto.

7.3 Para a válida constitución dos Tribunais, a efectos de celebración das sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, dos substitutos respectivos, e de dous dos seus vocais.

7.4 O réxime xurídico aplicable aos Tribunais axustarase en todo momento ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e demais disposicións vixentes que lles sexan de aplicación.

En caso de ausencia do Presidente e do seu suplente, o primeiro designará de entre os vocais un substituto que o suplirá. En defecto de designación, a substitución realizarase de conformidade do previsto no artigo 19.2 da Lei 40/2015, do 01 de outubro.

7.5 Os Tribunais adoptarán os seus acordos por maioría dos membros presentes en cada sesión. En caso de empate, resolverá o Presidente co seu voto.

As cualificacións responderán á media de puntuación outorgada polos membros do Tribunal con voz e voto, desbotándose as puntuacións máis alta e máis baixa, ou unha das que se repitan como tales.

Os acordos de calquera índole dos Tribunais poderán ser impugnados en alzada ante o Concelleiro-delegado de Persoal.

Os Tribunais continuarán constituídos ata non sexan resultas as reclamacións presentadas ou as dúbidas que poida suscitar o proceso selectivo.

7.6 Os membros dos Tribunais, os asesores especialistas, e o persoal auxiliar deberán absterse de formar parte do mesmo cando concorran en eles circunstancias das previstas no artigo 23 de la Lei 40/2015, do 01 de outubro; ou realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso á mesma ou equivalente categoría á que corresponden as prazas convocadas, nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria de que se trate; e igualmente se colaborasen durante ese período dalgún modo con centros de preparación de opositores da categoría á que pertencen as prazas convocadas.

Na sesión de constitución do Tribunal, o seu Presidente esixirá dos membros declaración formal de non atoparse incurso nesas circunstancias. Dita declaración deberá ser tamén cumprimentada polos asesores especialistas e polo persoal auxiliar que o Tribunal incorpore aos seus traballos, así como polos observadores.

7.7 Os aspirantes poderán recusar aos membros dos Tribunais, aos asesores especialistas e ao persoal auxiliar cando ao seu entender concorran neles algunha ou varias das circunstancias sinaladas na base 7.6, seguindo para elo o procedemento previsto no artigo 24 da Lei 40/2015, do 01 de outubro.

7.8 Durante o desenvolvemento das probas selectivas os Tribunais resolverán todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación das bases da convocatoria, e adoptarán os acordos que garanten a boa orde do proceso no non previsto expresamente por aquelas.

As incidencias que poidan xurdir respecto da admisión de aspirantes nas sesións de celebración de exames serán resoltas polo Tribunal, quen dará traslado ao órgano competente.

Os Tribunais poderán requirir aos aspirantes, en calquera momento do proceso, a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria. No caso de constatarse que algún dos aspirantes non reúne un ou varios dos requisitos, o Tribunal, previa audiencia ao interesado, deberá emitir proposta motivada de exclusión do procedemento selectivo a Concellaría de Persoal, comunicando as inexactitudes ou falsidades formuladas polo aspirante na súa solicitude de participación aos efectos pertinentes.

Na realización dos exercicios anónimos, os Tribunais poderán excluír a aqueles aspirantes en cuxas follas de exame figuren nomes, marcas ou signos que permitan coñecer a identidade dos autores ou leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento durante a realización dos exercicios.

7.9 O Secretario de cada Tribunal levantará acta de todas as sesións, tanto de constitución como de celebración, corrección e avaliación dos exercicios e deliberación doutros asuntos da súa competencia, nas que se farán constar as cualificacións, incidencias e votacións producidas.

As actas deberán ser aprobadas e subscribas por todos os membros do Tribunal, na seguinte sesión e, en todo caso, no prazo de cinco días á contar dende a finalización do procedemento selectivo. As actas, numeradas e rubricadas, xunto cos exercicios e demais documentación, constituirán o expediente que unha vez finalizado o proceso remitirá o Secretario, debidamente ordenado e foliado, ao Servizo de Persoal. Calquera aspirante poderá acceder ao expediente e obter copia dos documentos que o integren, con reserva cara os datos de carácter persoal para cuxo acceso non estea lexitimado.

7.10 Os Tribunais quedarán incluídos na categoría que corresponda ao grupo de titulación ao que pertencen as prazas convocadas, conforme ao disposto no artigo 30 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

8.- Sistemas de selección.

8.1 Os procesos de selección realizaranse a través dos sistemas de oposición ou concurso-oposición, aplicándose o concurso soamente nos casos expresamente previstos na lei, e nos termos que esta determine.

A) Sistema de oposición.

O proceso de selección constará dos exercicios que se determinen nas bases específicas, todos eles obrigatorios e, no seu caso, de carácter eliminatorio.

B) Sistema de concurso-oposición.

Nas probas selectivas que se realicen por este sistema, a fase de oposición, que terá carácter obrigatorio e eliminatorio en todos os exercicios, será previa á fase de concurso. Esta última non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar a fase de oposición.

Para a fase de concurso, os méritos e a súa correspondente valoración, así como os sistemas de acreditación dos mesmos, se establecerán nas bases específicas. A titulación académica ou especialidade acreditada como requisito non será tida en conta na fase de concurso. Ao abeiro do disposto no artigo 56.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, a puntuación outorgada na fase de concurso non poderá superar o corenta por cen da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo.

C) Normas xerais.

Nos procesos selectivos poderá establecerse a superación dun curso de formación e/ou período de proba, e outros exercicios, ademais dos sinalados a continuación para cada grupo de titulación, tales como recoñecementos médicos e/ou probas de carácter voluntario non eliminatorias.

Con carácter xeral, as probas a superar na fase de oposición axustaranse ás seguintes precisións:

- Subgrupos A1 e A2.

As probas para o acceso ás categorías pertencentes a este grupo de titulación estarán integradas, aló menos, por tres exercicios, podendo consistir estes en:

- Desenvolvemento por escrito do número de temas que se especifiquen nas bases específicas, ou cuestionario tipo test.

- Desenvolvemento por escrito dun tema de composición, que non terá que coincidir expresamente cos epígrafes determinados nas bases específicas.
- Exposición oral do número de temas que se determinen nas bases específicas.
- Resolución de un ou varios supostos prácticos ou probas prácticas, ou redacción de informes con proposta de resolución.
- Probas de coñecemento do idioma galego e de ferramentas informáticas.
- Subgrupos C1 e C2: As probas de acceso ás categorías pertencentes a este grupo de titulación estarán integradas alomenos por dous exercicios, podendo consistir estes en :
 - Cuestionario tipo test.
 - Desenvolvemento por escrito do número de temas que se especifiquen nas bases específicas.
 - Resolución de un ou varios supostos prácticos ou probas prácticas, con aplicación no seu caso de ferramentas informáticas.
 - Proba de coñecemento do idioma galego.
- Agrupacións profesionais: As probas para o acceso ás categorías pertencentes a este grupo de titulación estarán integradas alomenos por dous exercicios, podendo consistir éstes en:
 - Cuestionario tipo test.
 - Resolución dun suposto práctico.
 - Proba práctica manual.
 - Proba de coñecemento do idioma galego.

As bases específicas deberán concretar o carácter e a valoración da proba de coñecemento do idioma galego, quedando eximida da mesma os aspirantes que acrediten o seu coñecemento conforme a normativa vixente.

Cando unha das probas sexa exposición oral de temas, o Tribunal determinará un tempo de preparación previo para a exposición non inferior a 10 minutos nin superior a 15. A realización do exercicio será pública. Ademais, e tamén cando se trate de desenvolvemento por escrito de temas ó chou, introducíranse antes da súa celebración un número de bolas idéntico ao de temas sobre os que trate o exercicio, extraéndose á sorte tantas como temas integren a proba.

Os cuestionarios tipo test estarán compostos por preguntas con tres respostas alternativas, sendo unha delas a correcta, e constarán do seguinte número de preguntas dependendo do grupo de titulación no que estean incluídas as categorías correspondentes, indicándose o tempo para a realización do exercicio:

- Grupo A, subgrupo A1: 120 preguntas, 120 minutos.
- Grupo A, subgrupo A2: 100 preguntas, 100 minutos.
- Grupo C Subgrupo C1: 90 preguntas, 90 minutos.
- Grupo C Subgrupo C2: 70 preguntas, 70 minutos.
- Agrupacións Profesionais: 45 preguntas, 45 minutos.

Nas prazas a cubrir pola quenda de promoción interna poderase reducir o número de preguntas tipo test indicado con anterioridade, de conformidade co que determinen as bases específicas da convocatoria.

O Tribunal reunirse antes da celebración da proba a efectos da confección do cuestionario, que quedará baixo a custodia do Secretario. O patrón de respostas deberá publicarse xunto coa cualificación do exercicio.

Naqueles supostos nos que os exercicios consistan no desenvolvemento por escrito de temas, na resolución de supostos ou probas prácticas, ou na redacción de informes ou propostas de resolución, estes poderán ser lidos posteriormente polos opositores, se así o dispuxesen as bases específicas. Nestes casos, o Tribunal poderá abrir un diálogo posterior con cada opositor durante un tempo máximo de 15 minutos, que versará sobre os contidos expostos. Este diálogo poderá asimismo abrirse cando o exercicio consista na exposición oral de temas.

8.2 Os aspirantes serán convocados para cada exercicio da oposición en chamamento único aínda que o mesmo haxa de dividirse en varias sesións, debendo asistir os aspirantes á sesión á que foron convocados. Serán excluídos do proceso selectivo se non comparecen, agás nos supostos alegados e xustificadas con anterioridade á celebración do exercicio, e nos casos de forza maior acaecidos o mesmo día da celebración, debendo o Tribunal adoptar resolución motivada a tal efecto.

A non presentación dun aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios no momento de ser chamado determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar no mesmo e nos sucesivos, quedando excluído do procedemento selectivo.

8.3 A orde de actuación dos opositores iniciárase alfabeticamente polo primeiro da letra que resultase no sorteo anual realizado pola Xunta de Galicia.

8.4 Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou calquera outro documento identificativo en vigor antes do comezo de cada proba.

8.5 Concluído cada un dos exercicios da oposición, o Tribunal fará públicas, no Taboleiro de Edictos da Corporación e na web municipal, a relación de aspirantes que superaron o mesmo, con indicación da puntuación obtida.

9.- Cualificación do proceso selectivo.

9.1 Sistema selectivo de oposición.

A) Normas xerais.

En cada un dos exercicios da oposición cualificarase en primeiro lugar aos aspirantes da quenda de promoción interna, procedéndose a publicar a lista de aprobados. En sesión posterior cualificarase, separadamente e por esta orde, aos aspirantes da cota de discapacidade e aos aspirantes da quenda de acceso libre.

Entre o remate dunha proba e comezo da seguinte deberán transcorrer un mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días. Estes prazos poderán reducirse, chegando incluso a realizarse varias probas no mesmo día, a proposta do Tribunal e coa conformidade ou a solicitude de todos os aspirantes convocados á proba, circunstancias que deberán quedar acreditadas no expediente.

Os exercicios serán eliminatorios, e aqueles que sexan medibles cualificaranse de cero a dez puntos, sendo eliminados os aspirantes que non alcancen un mínimo de cinco puntos en cada un deles.

Asemade, naqueles exercicios que se cualifiquen como "apto" ou "non apto", quedarán eliminados aqueles aspirantes que obteñan a cualificación de "non apto".

O Tribunal Cualificador queda facultado para a determinación do nivel mínimo esixido para a obtención da cualificación mínima de cinco puntos e da cualificación de "apto", de conformidade co sistema de valoración que se adopte en cada proba. Dito nivel mínimo común, con independencia da quenda pola que se participe, deberá garantir, en todo caso, a idoneidade dos aspirantes seleccionados.

B) Cualificación dos distintos exercicios.

- Cuestionario tipo test: na cualificación dos cuestionarios cada pregunta contestada correctamente valorarase en positivo, a pregunta non contestada non terá valoración, e a pregunta con contestación errónea penalizarase co equivalente a 1/3 do valor da resposta correcta, redondeado ao valor do segundo decimal.

- Exposición oral de temas: o exercicio será puntuado por cada membro do Tribunal con tantas notas como temas fosen obxecto de exposición. As cualificacións estarán comprendidas nunha escala entre cero e dez puntos. Posteriormente, a suma das cualificacións parciais de cada un dos temas dividirase, unha vez desbotadas as notas máis alta e máis baixa outorgada en cada tema ou unha das que aparezan repetidas como tales, entre o número de asistentes do Tribunal cuxa cualificación se mantivo, obténdose tantas cualificacións, entre cero e dez puntos, como temas expostos. Será preciso para aprobar este exercicio alcanzar un mínimo de cinco puntos en cada una destas cualificacións parciais. A cualificación final do exercicio verá determinada polo resultado de dividir a suma das cualificacións parciais entre o número de temas expostos.

- Desenvolvemento por escrito de temas: o exercicio será puntuado por cada membro do Tribunal con tantas notas como temas fosen obxecto de desenvolvemento. As cualificacións estarán comprendidas nunha escala entre cero e dez puntos. Posteriormente, a suma das cualificacións parciais de cada un dos temas dividirase, unha vez desbotadas as notas máis alta e máis baixa outorgada en cada tema ou unha das que aparezan repetidas como tales, entre o número de asistentes do Tribunal cuxa cualificación se mantivo, obténdose tantas cualificacións, entre cero e dez puntos, como temas desenvolvidos. Será preciso, para aprobar este exercicio, alcanzar un mínimo de cinco puntos en cada unha destas cualificacións parciais. A cualificación final do exercicio verá determinada polo resultado de dividir a suma das cualificacións parciais entre o número de temas obxecto de desenvolvemento.

- Desenvolvemento dun tema de composición, resolución de un ou varios supostos prácticos ou probas prácticas, ou redacción de informes ou propostas de resolución: o exercicio será puntuado na forma descrita nos apartados anteriores, ou ben poderá ser cualificado como apto ou non apto se así o establecen as bases específicas.

C) Cualificación final do proceso selectivo.

A cualificación definitiva do proceso de selección verá determinada pola suma das cualificacións obtidas en cada uno dos exercicios determinados nas respectivas bases específicas. Os posibles empates entre dous ou máis aspirantes dirimiranse acudindo á puntuación outorgada no primeiro exercicio da oposición, e de persistir, á outorgada no segundo, no terceiro e así sucesivamente. Se aínda así persistise o empate de puntuacións, acudirase ó resultado do sorteo que se efectúe.

Se algún aspirante da quenda de persoas con discapacidade superase os exercicios correspondentes pero sen obter praza, e a súa puntuación fose superior á obtida polos aspirantes da quenda libre, será incluída nesta no número de orde acorde coa súa puntuación.

9.2 Sistema selectivo de concurso-oposición.

No concurso-oposición a cualificación da fase de concurso farase pública polo Tribunal Cualificador no Taboleiro de Edictos do Concello e na web municipal no momento que determinen as bases específicas. Os aspirantes disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da cualificación da fase de concurso, para facer alegacións.

A cualificación dos exercicios da fase de oposición levarase a cabo na forma establecida na base 9.1.

A cualificación definitiva do proceso de selección estará determinada pola suma da cualificación final da fase de oposición e a puntuación obtida na fase de concurso, nos termos que sinalen as bases específicas. Os posibles empates entre dous ou máis aspirantes dirimiranse acudindo á puntuación outorgada no primeiro exercicio da oposición, e de persistir, á outorgada no segundo, no terceiro e así sucesivamente. Se aínda así persistise o empate de puntuacións, acudirase á orde alfabética do primeiro apelido dos/as aspirantes, de xeito que obterá a praza aquel/a que teña o primeiro apelido situado en primeiro lugar no alfabeto.

10.- Lista de aprobados.

10.1 Finalizado o proceso de selección, o Tribunal publicará no Taboleiro de Edictos da Corporación e na web municipal a relación de aprobados, pola orde de puntuación alcanzado, así como as notas parciais de todas e cada unha das fases do proceso selectivo.

10.2 O Tribunal non poderá declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Non obstante o anterior, e coa finalidade de asegurar a cobertura das mesmas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou cando da documentación aportada polos aspirantes se deduza que non cumpren os requisitos esixidos, antes do seu nomeamento ou toma de posesión o órgano convocante poderá requirir do Tribunal relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos para o seu posible nomeamento como funcionarios de carreira.

10.3 O acto que poña fin ao procedemento selectivo deberá ser motivado. A motivación dos actos do Tribunal ditados en virtude de discrecionalidade técnica no desenvolvemento do seu cometido de valoración estará referida ao cumprimento das normas regulamentarias e das bases da convocatoria.

10.4 Cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría sexa verificada a infrarrepresentación do sexo feminino, de existir méritos iguais entre dous ou máis candidatos serán nomeadas as mulleres, agás si considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nos candidatos de ambos sexos existan motivos non discriminatorios para preferir ao home. A tales efectos entenderase a existencia de infrarrepresentación cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, aló menos, 20 puntos entre o número de mulleres e o de homes.

11.- Presentación de documentos.

11.1 No prazo de vinte días naturais, a contar dende a publicación da lista definitiva de aspirantes aprobados no Taboleiro de Edictos da Corporación e na web municipal, os aspirantes propostos aportarán no Servizo de Persoal os documentos que a continuación se relacionan:

- a) Fotocopia compulsada dos documentos especificados na base 5.4, segundo o que corresponda en cada caso.
- b) Fotocopia compulsada do título esixido nas bases específicas, ou certificación académica que acredite a realización e superación dos estudos completos necesarios para a expedición do mesmo. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, aportarase a documentación acreditativa da súa homologación ou convalidación polas autoridades españolas.
- c) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de funcións públicas por resolución xudicial para o acceso á escala, subescala, clase e categoría de funcionario no que fose separado ou inhabilitado. Os nacionais doutros Estados deberán

acreditar igualmente non atoparse inhabilitados ou en situación equivalente nin ter sido sometidos a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso á función pública.

d) Documentación acreditativa dos restantes requisitos que, no seu caso, puidesen esixirse en cada base específica. No seu caso, certificación negativa de antecedentes de delitos de natureza sexual.

e) Os aspirantes que participasen pola cota de discapacidade deberán aportar certificación expedida polos órganos da Comunidade Autónoma correspondente, ou no seu caso, do Ministerio competente, acreditativa do grao de minusvalía, así como da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Aqueles aspirantes da cota de discapacidade, que en aplicación do disposto na base 9.1. obtivesen praza pola quenda de acceso libre, deberán aportar, asemade a documentación anteriormente sinalada.

11.2 Os aspirantes que participen pola quenda de promoción interna ou mobilidade interadministrativa estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións xa probadas para acadar o seu anterior nomeamento ou contratación, presentando neste caso certificación da Administración Pública na que presten servizos.

11.3 Quen dentro do prazo indicado no apartado 11.1, e agás os casos de forza maior, non presentase a documentación esixida nas bases da convocatoria, ou do exame da mesma deducítese que carecen dalgún dos requisitos esixidos polas mesmas, non poderán ser nomeados funcionarios de carreira, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

12.- Adxudicación de destinos.

12.1 A adxudicación de postos de traballo aos funcionarios de novo ingreso efectuarase de acordo coas peticións dos interesados entre os postos ofertados aos mesmos, segundo a orde obtida no proceso selectivo. Os funcionarios que accedan pola quenda de promoción interna terán, en todo caso, preferencia para cubri-los postos vacantes da respectiva convocatoria sobre os aspirantes que non procedan desa quenda.

Os aspirantes aprobados polo Tribunal e que resultasen admitidos ao proceso pola cota de discapacidade, poderán solicitar ao órgano convocante a alteración da orde de prelación para a provisión dos postos, por motivos de dependencia persoal, dificultades de desprazamento ou outras análogas, que deberán ser debidamente acreditadas. O órgano convocante decidirá dita alteración cando sexa debidamente xustificada, e deberá limitarse a realizar a mínima modificación na orde de prelación necesaria para posibilitar o acceso ao posto da persoa discapacitada.

12.2 Adaptación de postos: Na solicitude de adxudicación de destino correspondente a probas de novo ingreso ou promoción interna, os aspirantes con discapacidade propostos polo Tribunal poderán pedir a adaptación do posto de traballo correspondente. Á solicitude deberá achegarse un informe expedido polo órgano competente na materia que acredite a procedencia da adaptación.

13.- Nomeamento como funcionario de carreira.

13.1 Concluído o proceso selectivo, quen o superase e aportase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria, será nomeado funcionario de carreira pola Xunta de Goberno Local ou concelleiro/a con competencias delegadas, no prazo máximo de seis meses dende a publicación da relación de aprobados no Taboleiro de Edictos do Concello e na web municipal. Con carácter xeral, intentarase que este prazo de seis meses estea comprendido dentro do prazo xeral de tres anos de execución das Ofertas de Emprego Público, previsto no artigo 70 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

13.2 Os nomeamentos publicaranse no Taboleiro de Edictos do Concello, na web municipal e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

13.3 A toma de posesión dos aspirantes que superaron o proceso selectivo efectuarase no prazo dun mes, contado dende a data de publicación do seu nomeamento como funcionarios de carreira no Boletín Oficial da Provincia.

13.4 No suposto de que así sexa determinado nas bases específicas, o nomeamento como funcionario de carreira poderá quedar supeditado á superación do correspondente período de prácticas ou curso de formación, sendo mentres nomeado en prácticas. As bases determinarán tamén, no seu caso, o período de proba do persoal laboral.

14.- Comunicacions e incidencias.

14.1 A publicación de todas as resolucións e acordos que se diten no desenvolvemento de cada proceso selectivo realizarase a través do Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web municipal (www.santiagodecompostela.gal).

A publicación será vinculante a efectos da convocatoria para a realización dos exercicios da fase de oposición e, no seu caso, para o concurso, así como a que determine o inicio do cómputo de calquera dos prazos que estean establecidos e sexan de aplicación segundo as bases.

14.2 Os aspirantes poderán dirixir ao Servizo de Persoal as comunicacións sobre incidencias relativas á actuación do Tribunal, así como as reclamacións, queixas, peticións ou suxestións sobre o proceso selectivo.

14.3 As presentes bases e todas as resolucións que delas deriven poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma previstos na Lei 39/2015, do 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

15.- Lista de agarda para persoal interino.

Segundo o disposto no artigo 3 das normas de xestión de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal, os aspirantes que tendo participado por quenda libre ou cota de discapacidade superasen algunha proba sen chegar a obter praza, serán incluídos na lista de agarda para a provisión temporal de postos, elaborada con base nos criterios que figuran no mencionado precepto, e que terá prioridade sobre calquera outro sistema de chamada. O persoal que figure nas listas vixentes virá obrigado a se presentar a tódalas convocatorias de prazas, nos termos indicados no artigo 8 das normas de xestión de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal.

16.- Disposición final.

Estas bases xerais serán de aplicación a partir do día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISIÓN DE 2 PRAZAS DE INSPECTOR PRINCIPAL.

1.- Ámbito de aplicación.

A realización das probas selectivas convocadas para prover 2 prazas de inspector principal axustarase ao establecido nas bases xerais que rexen os procesos de selección do persoal funcionario de carreira e laboral fixo do Concello de Santiago de Compostela, e no previsto nas presentes bases específicas.

2.- Características das prazas.

As prazas convocadas están encadradas na Escala de Administración Especial, subescala servizos especiais, clase escala executiva do subgrupo A2 dos establecidos no artigo 76 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro), categoría inspector principal, do cadro de persoal do Concello de Santiago de Compostela. E figuran na Oferta de Emprego Público aprobada pola Xunta de Goberno Local o 11 de decembro de 2015 (BOP número 244, do 22 de decembro de 2015), rectificada o 2 de decembro de 2016 (BOP número 237, do 16 de decembro de 2016).

Resérvase unha das prazas ofertadas á cota de mobilidade interadministrativa prevista no artigo 39.b da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, para a súa provisión polo sistema de concurso, aberto a funcionarios doutros corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia. A praza reservada non cuberta incorporarase á quenda de promoción interna.

As prazas ofertadas correspóndense cos postos de traballo que seguidamente se detallan, da vixente Relación de Postos de Traballo (BOP número 100, do 27 de maio de 2011):

IDENTIFICACIÓN									ADSCRICIÓN								
CÓDIGO								DENOMINACIÓN POSTO	Nº	F.P.	T.P.	ADM	GR.	ESC.	CL.	REQUISITOS	OBSERVACIÓNS
A	B	C	D	E	F	G	H										
7	4	0	0	F	2	2	24	Inspector principal	5	AD	N	CSC	A2	AE	F		Especial dedicación

3.- Requisitos dos aspirantes.

3.1. Requisitos da quenda de promoción interna.

Os aspirantes que concorran pola quenda de promoción interna, ademais dos esixidos con carácter xeral, deberán cumprir os seguintes requisitos:

1º. Ser funcionario de carreira do Corpo de Policía Local do Concello de Santiago de Compostela na categoría de inspector da Policía Local, e ter prestados servizos en dita categoría como tal por un período mínimo de tres anos, computándose a estes efectos o tempo de segunda actividade por embarazo ou lactación.